

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2006

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Interventora municipal

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don José María Laya Carril; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 15 de febreiro de 2006, queda aprobada por unanimidade.

2.- CONCURSO PARA ADXUDICAR O DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO SECTOR R-3 (PIÑEIRO).- Visto o expediente tramitado para adxudicar a execución do Plan parcial do sector R-3 (Piñeiro) polo sistema de expropiación; de conformidade co establecido no prego de condicións e unha vez cumpridos os trámites regulamentarios; procedeuse á apertura de plicas, admitíndose as tres empresas que se presentaron:

UTE, que a forman ODEGAL S.L., LUCUS URBAN S.L. e J. CONSTANTINO NÚÑEZ S.L.

VALLEHERMOSO DIVISION PROMOCIÓN S.A.U.

FADESA INMOBILIARIA S.A.

A cláusula 17ª.3) do prego de condicións establece que antes de acordar a adxudicación do contrato, o órgano de contratación, neste caso o Pleno do Concello, concederalles un prazo de dous meses aos propietarios do solo a fin de que se o estiman conveniente ao seu dereito, e sempre que se cumpran os requisitos legalmente previstos, poidan solicitar o cambio de sistema.

Eu, o secretario, fago a lectura do informe dos técnicos asesores nomeados, que nas súas conclusións é o seguinte:

Punto 1.- Anteproxecto do plan parcial.- Consideración xerais en canto ao punto un: calidade do anteproxecto.

Previa á análise, lémbrese que este está vinculado aos obxectivos explicitados no prego de cláusulas administrativas particulares do concurso, é dicir, a calidade vai vinculada neste caso a conseguir coa proposta ditos obxectivos.

Dito isto, podemos dicir que a calidade en si das propostas en xeral é alta, pero é na adecuación aos intereses que o prego explicita onde se producen as maiores diferenzas

Detallando por ofertas:

A ordenación proposta por **Vallehermoso** corresponde a un modelo urbano sectorial; basicamente propón dúas zonas: unha, o que se coñece como cidade xardín de tecido residencial especializado, outra con bloques transversais, e outra onde as dotacións públicas e o comercio se agrupan nunha grande peza. En realidade unha transposición directa do que o plan de ordenación propón. Considero que sendo un modelo perfectamente axeitado a outros lugares, neste caso non chega o que o concurso persegue, pois non demostra a capacidade de xerar "ocupación permanente", nin a complexidade e mestura de actividades cidadás, que achegan permanencia estacional. Pode perfectamente derivar nunha zona só ocupada un período do ano curto, e un centro comercial de acceso exterior circunstancial, pero non parece capaz de integrarse no día a día da cidade.

Por outro lado, comentar que aínda cando coidou o impacto ambiental, non soubo extraer as virtudes que a súa excelente situación lle pode chegar.

A proposta de **Fadesa** en principio busca a idea do bulevar principal como forma de xerar un lugar de referencia cidadá. Iso, que en principio é acertado, acaba nun lastre pois finalmente a ordenación queda aí atrapada e xera multitude de problemas que a fan inaxeitada. Por un lado penaliza as orientacións dos edificios, que ten que partir daquel; por outro, e isto é o máis grave, fai que a maior parte da área quede restrinxida ao tecido residencial en forma de rúas sen saída, "semiprivadas" no seu uso, pois non conectan áreas, e que provocan que toda a ladeira norte do Piñeiro quede incontrolada. Moi difícil de manter e máis de usar e gozar polo cidadán.

A situación dos elementos dotacionais resulta tamén problemática.

Procura sobre todo o responder cunha peza icónica en altura que sexa referencia visual. O resultado é un baleiro urbano dunha escala inaxeitada ao lugar onde se propón, e con situación marxinal respecto á área onde se produce. Neste caso acentúase a súa desvinculación do tecido urbano, a plataforma onde se sitúa, que, á súa vez, forma un muro de contención dunha altura considerable que desvirtúa a idea do bulevar. A iso hai que engadirlle que ao situar o aparcamento xeral, a parte inicial do bulevar mencionado, a que sería a conexión principal co Miño existente, queda afectada por todo o tráfico de entrada e saída dos vehículos.

A proposta da **U.T.E.**, entendo que nace de pensar a adecuación ao Piñeiro, e non a un lugar xenérico, a ordenación. Penso que propón claramente un modelo de residencia que ten sentido permanente. Por un lado busca controlar toda a área xerando circulacións peonil e unha malla de espazo público capaz de resolver os encontros co existente e irradiar uso e control á ladeira norte. Por outro, a disgregación das dotacións por cada área consegue inundar de vida pública o conxunto, á vez que obtén pezas dunha escala axeitada á cidade de Miño. Á ordenación súmase neste caso a aposta arquitectónica, cunhas vivendas que participan activamente do contorno, e aprotéanse del para obter calidade de vida.

O tratamento da urbanización, sendo de calidade material, resulta dobremente interesante por canto xera calidade ambiental ao matizar e integrar a súa presenza. É unha proposta que claramente oferta aquilo que Piñeiro pode dar. Un lugar para vivir moi distinto dunha urbanización e cidade ou periferia segundo costume.

Por iso estimamos como a máis axeitada a proposta da U.T.E. Lugo, seguida da de Fadesa e en terceiro lugar a de Vallehermoso, e proponse un baremo de

puntuación máximo á U.T.E. e baixando en tramos aos quince que estimamos marca a distancia co terceiro.”

A mesa de contratación e comisión especial informativa creada para este asunto, na sesión conxunta celebrada o día 17 de febreiro de 2006, á que asistiron os técnicos nomeados, arquitecto, enxeñeiro de camiños e economista, unanimemente concederon as seguintes puntuacións ás empresas admitidas:

UTE	94 puntos
VALLEHERMOSO	69 puntos
FADESA	78 puntos

Á vista das actuacións practicadas, o Pleno do Concello, coa abstención do concelleiros do BNG Sr. Abraira Sobrado e Laya Carril, e once votos a favor, acorda:

1º.- Estimar que a proposición máis vantaxosa para o Concello, tendo en conta os criterios establecidos no prego de condicións, é a da UTE con 94 puntos.

2º.- De conformidade co que se dispón no prego de condicións e antes de acordar a adxudicación do contrato, concédese un prazo de dous meses a partir da notificación deste acordo aos propietarios do solo, para que se o estiman conveniente ao seu dereito e sempre que cumpran os requisitos legalmente previstos, poidan solicitar o cambio de sistema, cos compromisos sinalados no prego de condicións.

O concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG manifestou que o prego de condicións foi imposto polo grupo popular, e aínda que nun primeiro momento aceptei algunhas consideracións que expuxemos, posteriormente foron suprimidas e os técnicos asesores foran propostos polo grupo de goberno, polo que o BNG rexeitou estar neste concurso, pois xa estaban establecidos os criterios e cremos que é insuficiente o tempo para solicitar o cambio de sistema polos propietarios, polos problemas que existen de división da propiedade, de herdanzas nalgúns casos, e imos abstermos por non votar en contra.

A Presidencia contesta que non lle sorprende a súa intervención, pero a verdade é que vostede votou favorablemente á comisión que tratamos e propuxemos este tema na que impuxo que o prezo dos terreos non baixaría de 7000 pta m² e díxoselles que si cando se fixase o prezo xusto da expropiación, máis tarde sen razón aparente deu a espantada; en relación co nomeamento dos asesores técnicos, hei de manifestarlle que o arquitecto nomeado vén de expoñer no museo de arte moderna de Nova York e soamente se dedica a presentarse a concursos con innovadores proxectos e gañalos, e queda, di, aceptada a súa abstención.

Replica o Sr. Abraira Sobrado agradecendo que lle replicara sen insultar, di, as comisións non teñen voto vinculante; e continúa dicindo que o Sr. Veiga ten dedicación exclusiva que paga o Concello e incorpórase ás 9:30 ou ás 10:00 e non cumpre co horario de traballo, insiste, podemos votar en contra no Pleno xa que as comisións son deliberantes.

O Sr. alcalde manifesta que non me refería á súa persoa, senón á súa linguaxe. A crítica, di, sempre a aceptarei, o que digo, e nunca estarei de acordo, é coa maledicencia ou mala educación. Dá lectura ao seguinte escrito: Hoxe día 23 de febreiro, celébrase o Pleno municipal que aproba a declaración como oferta máis vantaxosa das presentadas á U.T.E. de Lugo para o concurso de Piñeiro. Como queira que se trata do Pleno que pon punto e final a unha etapa e marca o comezo dunha nova, cómpre pola nosa parte sinalar todas e cada unha das actuacións que se levaron a cabo por parte do Concello para finalmente chegar ata aquí.

Piñeiro é un ámbito cunha superficie aproximada de 12 Ha, que figura desde o ano 1977, é dicir 29 anos, cualificado como S.A.U. (solo apto para urbanizar). Naquel momento dispoñía dunha edificabilidade de 25 vivendas/ha.

En todo este tempo, non houbo ningunha proposta para o seu desenvolvemento, a excepción dun intento hai xa moitos anos, por parte dunha inmobiliaria de Santiago, que no seu día ofertou opcións de compra no prezo de 2000 pta/m². Logrou asinar o 30% tras o cal desistiu do intento, e deixou a beneficio dos propietarios asinantes a cantidade simbólica entregada á sinatura de dita opción.

No PXOM aprobado en agosto de 2002, o grupo de goberno consciente por un lado da importancia que tiña o seu desenvolvemento para conseguir un novo modelo urbano e así mesmo coñecedor dos desexos da maior parte dos propietarios, que loxicamente desexaban concretar unhas plusvalías polo dito solo, decide cualificalo como solo urbanizable delimitado, a desenvolver polo sistema de expropiación, outorgándolle unha edificabilidade de 60 vivendas/ha. (moi superior ao resto dos solos urbanizables do PXOM, que teñen unha edificabilidade de 10 vivendas/ha). Isto faise por varias causas, sendo a principal estimular o interese dos operadores e dos propietarios para poñer en marcha o proceso, porque tratándose dun solo en exceso atomizado, con predios, que nalgún caso son de menos de 60 m², existía un certo desinterese xeral por urbanizar Piñeiro. É dicir, queda probado o interese do grupo de goberno en primeiro lugar en urbanizar Piñeiro, e en segundo lugar en lograr a máxima rendibilidade para os propietarios dos terreos. Debemos dicir que se se fixou o procedemento de expropiación foi porque neste tipo de solos tan atomizados, e de merca tan difícil, faise necesario articular un procedemento deste tipo. Outros municipios gobernados por outros partidos como PSOE e BNG articularon procedementos similares para a xestión do solo. Naquel momento, tras a aprobación do PXOM e tras fixar o dito procedemento expropiatorio para o seu desenvolvemento, non houbo nin unha soa reclamación por parte de ningún propietario. Estou seguro que no seu foro interno todos aceptaban que se non se articulaba un procedemento deste tipo, sería imposible lograr o seu desenvolvemento.

Para ser sempre obxectivos, debemos dicir que pola contra, en contraposición á ausencia de reclamacións por parte dos propietarios, si houbo opinións discrepantes neste tema na discusión do Pleno que aprobou definitivamente o PXOM no 2002. Ditas opinións discrepantes, no dito Pleno, non foron porque se decidira fixar o sistema de expropiación para o seu desenvolvemento, e propor outros sistemas como o de compensación, nin tampouco houbo discrepancia na edificabilidade outorgada. As opinións discrepantes fórono polo feito de que un grupo político, ALTERNATIVA MIÑOTERRA, propoñía que simplemente Piñeiro quedara como zona verde.

Na actual lexislatura, ao alcalde e a moitos membros do grupo de goberno, moitos propietarios trasládanlles o rogo de que se debera relanzar o tema e lograr finalmente urbanizar Piñeiro. Isto, unido ao feito de que así mesmo somos conscientes que no novo modelo urbano que se aveciña faise necesario unir o antigo núcleo urbano, nacido como moitos outros en Galicia arredor dunha estrada xeral e cunha marcada anarquía posterior no seu desenvolvemento, e ao feito de que o tempo para logralo se acababa, dado que é obrigado para nós adaptar o PXOM á nova Lei do solo, e posto que na nova lei fíxase unha liña de 200 m de protección de costas, en contraposición á anterior que é de 100 m, faría imposible materializar a edificabilidade recoñecida polo PXOM e polo tanto, sería inabordable o proxecto para calquera empresa que estivera interesada.

A todas as empresas que mostraron interese no asunto, infórmaselles por parte da Alcaldía o mesmo, é dicir, que se sacará a concurso público, que no dito concurso primaría fundamentalmente a calidade da obra proposta e o seu impacto posterior na transformación do noso actual modelo urbano, ofertas aos propietarios, posibilidades de compensación en termos de adquisición de vivenda por medio de permutas ou outros tipos e por último infórmaselles que primarían tamén as obras a maiores para o Concello. Así mesmo, a todos eles infórmaselles que é desexo do Concello que todos os propietarios cobren a mesma cantidade e que polo tanto se debería fixar un prezo real dos terreos tras coñecer a proposta gañadora. É razoable pensar así, posto que sen coñecer o proxecto gañador non se podía avaliar o seu

custo e polo tanto non se podía fixar o prezo dos terreos. Todas as empresas comunicanlle á Alcaldía a súa aceptación e comezan a traballar nos proxectos. Ao pouco tempo, na Alcaldía tivemos coñecemento que unha empresa de Ourense comezou a mercar terreo e que o facía a 5000 pta/m² e posteriormente a 6.000 pta/m². Nós falamos coa empresa e os seus representantes dixéronnos que non era certo. Posteriormente puidemos comprobar que efectivamente esta empresa se fixera cunha cantidade importante de metros cadrados e tras esta constatación algunha outra empresa dispúxose a facer o mesmo como no caso de Fadesa que chegou a pagar 7.000 pta/m². Tras iso, desde a Alcaldía trasladouse a quen quixera oílo a opinión que non se debía vender ata coñecer o proxecto gañador do concurso para decidir así o prezo real. Isto é constatable, posto que hai unha acta do Pleno do Concello que así o recolle. Incluso a requirimento, por parte dos grupos da oposición, que lle requirían a este alcalde para que fixara un prezo, sempre mantivo a opinión que non se debería vender ata coñecer o proxecto final. Por se fora pouco, o alcalde trasladou a acta do Pleno en modo de carta informativa a toda a veciñanza de Miño na que se informaba de todas as cuestións referidas ao concurso e se dicía que non se podía poñer prezo ao solo ata coñecer o proxecto. Tamén o alcalde llo manifestou á “Comisión de Propietarios” na primeira reunión con eles no despacho da Alcaldía.

Así as cousas, non puidemos impedir que algunhas empresas compraran e algúns propietarios venderan, e deixaban as plusvalías resultantes en mans de empresas e non nas mans dos propietarios. Supoño que para que isto sucedera algunha opinión interesada estaría vertendo polo municipio o rumor que se expropiaría por debaixo deste prezo. Tamén, hai que dicilo, dicíase que o Concello xa decidira outorgar a Fadesa e outras lindezas semellantes e ata peores que por cuestión de estilo, non vou aquí reproducir.

Sempre, o que este alcalde sostivo, era que o que debería primar no concurso era a elección da mellor obra para Miño, que esa era a plusvalía para todos os habitantes de Miño, que se debería fixar o prezo ao final, que se faría un concurso transparente e que en suma gañaría o mellor. Desgrazadamente outros xeraron rumores contrarios polo municipio e non podemos facernos cargo de culpas que non temos.

Consideramos sempre lexítimo o feito de que os propietarios decidiran a quen vender e así mesmo consideramos lexítimo o feito de darlles a estes a posibilidade de desenvolver o proxecto gañador e por tanto no prego incluimos a cláusula que posibilita este feito e créanme se lles digo que non hai ningún outro concurso sacándose por procedemento de expropiación recolla dita cláusula.

Con posterioridade a isto, os propietarios deciden tras, sen dúbida moito traballo realizado acordar na súa maioría opcións de compra ao grupo Vallehermoso e a isto, nós desde a Alcaldía non tiñamos nada que dicir. Recoñecemos o dereito que lles asiste aos propietarios de decidir a quen vender e por canto e así mesmo congratulámonos sempre de que as plusvalías do solo queden en Miño.

Recentemente outra empresa, a que finalmente resultou vencedora do concurso, oferta compra de solo a 20.000 pta./m² e non nos sentimos responsables diso. Tampouco nos parece mal o feito de que propietarios que non venderon poidan en suma gañar máis diñeiro e non nos parece acertado o feito de que algúns nos fagan responsables de que finalmente non obtiveran polo seu solo todo o que realmente vale. Demóstrase así, o que esta Alcaldía sostivo desde o comezo, é dicir, que só ao final, só despois de coñecer o proxecto, se poida saber o prezo real do solo e polo tanto este grupo de goberno obrou correctamente en todo o proceso. Algunhas voces no municipio afirman que non se debe vender aos que ofertan o maior prezo. Isto non o entendemos, posto que en todo proceso de compra e venda é lexítimo conseguir o maior prezo dos posibles.

O resto da historia xa é coñecida, incluso nos medios de comunicación.

Finalmente desexo agradecerlles aos membros da comisión especial o traballo realizado, en especial o dos seus asesores don Jesús Irisarri (arquitecto), don

Javier López Pita (enxeñeiro) e don Pablo de Llano (economista), traballo este responsable, creativo e exemplar. A todos os membros da Corporación que participaron nesta e tamén a todas as empresas que participaron no concurso. Todas elas mostraron interese en facer algo grande para Miño e como non podía ser doutra maneira, gañou o mellor.

A partir de agora ábrese un prazo de 2 meses, para que o propietario ou grupo de propietarios que consiga mediante escritura pública máis do 50% dos terreos poida se é o seu desexo, desenvolver o proxecto gañador e como é natural, contarán con toda a nosa axuda para concretar un plan parcial que recolla todos e cada un dos puntos que recolle o proxecto gañador. Iso é o que sempre dixemos. Non nos importa quen desenvolva o proxecto, impórtanos o proxecto e é o noso deber e responsabilidade velar para que sexa o mellor para o noso municipio.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL APOD 4.- Visto o expediente tramitado para a aprobación do Plan especial para o desenvolvemento da APOD-4, presentado por José Luis e Emilio Santos Lago e redactado polos arquitectos don José Antonio Vázquez Rodríguez e dona Ana Isabel Escurís Villanustre.

Este plan especial foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 4 de novembro de 2005, exposto ao público en forma regulamentaria e non se presentou reclamación ningunha durante o prazo de exposición pública.

Vistos os informes unidos ao expediente, o Pleno do Concello, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, a abstención dos concelleiros Sres. Cortizas Rodríguez e Laya Carril e dez votos a favor dos demais concelleiros que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Plan especial para o desenvolvemento da APOD-4 do PXOM de Miño.

2º.- Darlle traslado dunha copia autenticada do expediente e de dous exemplares do plan especial aprobado, con todos os planos e documentos debidamente dilixenciados, procedéndose a publicar o anuncio de aprobación definitiva, no que se fará constar a data da remisión da documentación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, como dispón o art. 92.3 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO MUNICIPAL 2006.- Vistas as reclamacións presentadas por don Gonzalo Blanco Anido contra o proxecto de orzamentos para o ano 2006, fundamentadas na ausencia de negociación colectiva do cadro de persoal do ano 2006 así como na falta de consignación dos créditos para as achegas ao plan de pensións que prevé o acordo regulador aprobado polo Pleno no ano 1992.

Solicitouse informe á Intervención municipal que foi emitido o 21/02/2006 e que se acompaña á presente proposta.

Analizando as reclamacións presentadas e visto o informe da Intervención municipal, esta Alcaldía preséntalle ao Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- En relación coa primeira das reclamacións formuladas, a ausencia de negociación colectiva do cadro de persoal para o ano 2006, indicar que neste punto, e sen entrar no fondo da cuestión formulada, non procede estimar a citada reclamación e iso na medida en que non atopa encaixe en ningún dos dous motivos de impugnación que prevé o RDL 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 170 apartados a) e b). Polo tanto, propónse a desestimación da reclamación.

2º.- No referente á segunda das reclamacións presentadas, isto é, a non dotación orzamentaria dos créditos necesarios para o plan de pensións, indicar neste punto que se ben o acordo regulador das condicións de traballo e dereitos do persoal funcionario prevé a creación dun plan de pensión, e que as súas disposicións son de

obrigado cumprimento, sendo consciente de que esta obriga foi incumprida dende o ano 1993 e que a Lei de orzamentos xerais do Estado habilita igualmente esta posibilidade cuns determinados límites, sen embargo debe advertirse que a non consignación dos créditos inicialmente no proxecto de orzamentos non impide a dotación posterior habilitando os créditos mediante o oportuno expediente modificativo de crédito.

Polo tanto, esta Alcaldía, propón ó Concello-Pleno a desestimación da reclamación presentada debido á necesidade urxente e inaprazable proceder á aprobación definitiva do orzamento sen máis demora pola necesidade de comezar a executar determinados gastos previstos no proxecto de orzamentos, comprometéndose a habilitar os créditos necesarios para o plan de pensións a través dun expediente modificativo de crédito que se tramitará en próximas datas. Por todo o anterior, propónse a desestimación da reclamación presentada.

O concelleiro do BNG Sr. Abaira sinala que votará en contra da proposta da Alcaldía, xa que o recurso está debidamente fundado e a reunión co representante dos traballadores debe facerse e, continúa, isto é unha tomadura de pelo, xa que se promete un plan de pensións e se desestima o recurso.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía e Comisión Informativa de Facenda, fano en contra, e pola estimación nas reclamacións, os concelleiros sres. Abaira Sobrado e Laya Carril, que suman dous votos, abstense o concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez e a favor da proposta os dez membros restantes da Corporación, polo que por maioría absoluta quedan desestimadas as reclamacións ao Orzamento municipal do exercicio 2006, que foron presentadas.

5.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2005.- En cumprimento do que dispón o art. 193.4 do R.D. 2/2004, do 5 de maio, dáse conta ao Pleno e quedan informados da aprobación da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2005, pola resolución da Alcaldía do día 21/02/2006 e en cumprimento do que dispón o art. 1935 do citado decreto, que se remita copia da liquidación á Administración do Estado e outra á Comunidade Autónoma.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,